

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A "FUNDACIÓN ANDREA" DE APOIO AOS NENOS CON ENFERMIDADES DE LONGA DURACIÓN, CRÓNICAS OU TERMINAIS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Andrea, formalizaron o 16/02/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura e durante un período de catro anos, prorrogables.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Andrea, coa finalidade de desenvolver actividades de apoio e axuda aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, así como ás familias que, contando con escasos recursos económicos, deban coidar aos seus fillos en tales circunstancias, e así o soliciten, facilitándolles solucións e axudas áxiles ante situacións de carencias inmediatas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Fundación ANDREA de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais, é una organización sen ánimo de lucro que ten como finalidade básica a atención e o apoio económico, moral, informativo ou de calquera outra natureza, ás familias que, contando con escasos recursos económicos, deban coidar aos seus fillos nas enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais,

A finalidade constituínte expresada anteriormente perseguirase a través da realización, entre outras, das seguintes actividades:

- Sufragando os gastos que comporte o aloxamento hospitalario dos/as nenos/as enfermos/as.
- Facendo fronte aos gastos que se produzan polo seu tratamento médico no fogar familiar.
- Facilitando axudas económicas ás familias para que poidan atender debidamente a mantenza do neno/a enfermo/a e aportando a este os medios formativos aos que poida ter acceso.
- Poñendo ao alcance dos/as nenos/as enfermos/as cantas posibilidades de entretemento

poidan axudarlles a sobrelevar a súa enfermidade con alegría.

- Realizando cantas actividades sexan útiles para levar esperanza e ilusión tanto aos/ás nenos/as enfermos/as como ás súas familias.

A Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria aplicada no Servizo Galego de Saúde sostense sobre decenas de proxectos, todos eles recoñecidos e moi ben valorados tanto polas asociacións de pacientes, como polas persoas usuarias a título particular que, ademais de obter uns claros obxectivos, perfectamente visibles no sistema sanitario, crearon entre profesionais unha cultura de achega e colaboración que non pode pasarse por alto.

Dentro da liña 4 da estratexia, son moitas as entidades que dentro dos seus programas de responsabilidade social corporativa teñen como obxectivo participar na mellora da saúde, mediante accións ou iniciativas encamiñadas a establecer un modelo de traballo colaborativo como xeito de obter mellores e maiores resultados, mantendo aos pacientes no centro da atención.

Entre estas iniciativas destaca a da Fundación Andrea, que tanto ten colaborado e axudado á mellora da calidade de vida de nenos/as con enfermidades graves, e aliviado a carga que a enfermidade supón para as súas familias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

